

Ofertas Destacadas

Docente curso "Xestor financeiro"



Nº da oferta 975087
A Coruña

Precísase persoal con experiencia dun ano como docente e ter obtida a Diplomatura en Ciencias Empresariais, Licenciatura en ADE, en Economía ou en Dereito. Incorporación en xuño en horario de mañá de luns a venres.

Tradutor/a - Intérprete



Nº da oferta 974865
A Coruña

Precísase persoal para traballar como autónomo realizando tarefas de intérprete en comisarías de policía, xulgados, e oficinas de asilo e refuxio. Necesario dominio de castelán e dun destes idiomas, búlgaro, árabe, ruso, romanés, paquistaní ou wólof.

Asesor/a de produtos financeiros



Nº da oferta 975316
As Pontes de García Rodríguez

Aseguradora de ámbito nacional selecciona persoal entre 23 e 45 anos para asesoramento e venda de produtos financeiros, executando un plan de comercio encamiñado a xestionar unha oficina comercial. Necesario carné B, formación a cargo da empresa.

Monitor/a de tempo libre



Nº da oferta 975408
Alfoz

Para realizar actividades lúdicas e educativas para campamentos urbanos e/ou talleres con menores (Infantil, Primaria e Secundaria) durante o verán. Necesaria experiencia na organización de dinámicas, xogos tradicionais, multideporte, xincanas, etc.

Médico/a (Especialidade Medicina do Traballo)



Nº da oferta 975129
Lugo

Encargarase do control, seguimento, vixilancia da saúde e recoñecementos médicos, campañas de vacinación e de analíticas dos traballadores dunha cadea de supermercados de ámbito nacional.

Axente comercial (Sector: Telecomunicacións)



Nº da oferta 975464
Lugo

Empresa dedicada á telefonía móbil precisa persoal para realizar tarefas de captación de novos clientes na provincia e ampliar a carteira xa existente. Necesarios coñecementos informáticos, carné B e vehículo propio.

Cociñeiro/a



Nº da oferta 975187
Pereiro de Aguiar (O)

Precísase persoal con experiencia de dous anos para traballar na cociña dun restaurante. Necesario ter carné B e vehículo para desprazarse ó lugar de traballo. Ofrecen a xornada completa, incorporación inmediata.

Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (Electricidade) - Perito



Nº da oferta 974901
Ourense

Para traballar nunha empresa dedicada á instalación de sistemas eléctricos e revisións. Realizará tarefas de captación de novos clientes e realización de orzamentos.

Axente comercial (Sector: Seguros)



Nº da oferta 975161
Ourense

Asesoría precisa persoal con titulación mínima de Graduado Escolar para realizar venda dos seus produtos. Valórase experiencia no posto e ter carteira de clientes. Ofrecen contrato mercantil (fixo máis comisións).

Peón de traballos verticais



Nº da oferta 975365
Vigo

Empresa de traballos verticais precisa persoal con seis meses de experiencia no posto para realizar arranxos de cubertas e fachadas. Ata 35 anos.

Axente comercial (Sector: Formación)



Nº da oferta 975539
Pontevedra

Consultora de formación precisa vendedores/as para realizar visitas a empresas e particulares ofrecendo cursos bonificados. Necesarios coñecementos de informática e ter carné B e vehículo propio.

Axente comercial (Sector: Publicidade)



Nº da oferta 975194
Vigo

Precísase persoal con seis meses de experiencia no posto para captación e seguimento da carteira de clientes. Necesarios coñecementos de informática, carné B e vehículo propio. Ofrecen contrato mercantil con soldo fixo máis comisións.

Outras ofertas de A Coruña

Teleoperador/a - A Coruña - Nº Oferta 975267

Empresa de servizos turísticos precisa persoal para realizar atención telefónica. Necesario ter entre 20 e 37 anos, valoran experiencia no posto. Ofrecen traballo a xornada completa de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Dependente de peixería - Ferrol - Nº Oferta 975212

Cadea de supermercados precisa persoal para traballar na sección de peixería atendendo ós clientes e preparando os peixes para a súa venda. Necesaria experiencia de tres meses no posto e residir na zona.

Xefe de tenda (Supermercado) - A Coruña - Nº Oferta 975587

Encargarase da xestión completa dunha das tendas dunha cadea de supermercados, realizando tarefas de xestión de persoal, organizar horarios de traballo, xestión de pedidos, distribución e colocación de liñas de produtos, etc.

Encargado/a de obra de edificación - Santiago de Compostela - Nº Oferta 974933

Precísase persoal con experiencia de tres anos no posto e en obra pública. Traballo a xornada completa.

Técnico/a de contidos formativos (Agricultura) - A Coruña - Nº Oferta 975144

Para a elaboración de contidos formativos teórico - prácticos para varios manuais de agricultura: mantemento, preparación e manexo de tractores. Necesaria experiencia laboral nesta temática, elaborando os contidos ou como formador.

Docente curso "Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas" - A Coruña - Nº Oferta 975301

Precísase Licenciado/a en Física, Enxeñeiro/a Superior ou Enxeñeiro/a Técnico/a en Arquitectura para impartir un curso de montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas. Necesaria experiencia como docente neste ámbito.

Docente curso "Enoloxía" - Santiago de Compostela - Nº Oferta 975592

Precísase persoal con experiencia docente para impartir un curso de cata de viños. Horario de 16:50 a 19:35 horas de luns a venres durante tres semanas. Incorporación inmediata.

Profesor/a de náutica - A Coruña - Nº Oferta 975620

Precísase persoal coa titulación en Náutica de recreo para impartir cursos. Imprescindible experiencia no posto, xornada parcial en horario a convir coa empresa.

Xefe de cociña - Cariño - Nº Oferta 975545

Precísase persoal con estudos de Técnico Superior de Hostalaría ou formación relacionada co posto, e con experiencia en cociña, para a elaboración de produtos de tempada, comidas concertadas e menús do día nun restaurante.

Cociñeiro/a - Ferrol - Nº Oferta 974982

Precísase persoal para traballar nunha residencia realizando menús diarios e limpeza da cociña e comedor ás fins de semana e festivos de 10:00 a 21:30 horas. Necesaria experiencia de dous anos no posto.

Operario/a de panadaría - Ribeira - Nº Oferta 975467

Encargarase da elaboración de pan e empanadas no obradoiro dunha panadaría. Necesaria experiencia dun ano no posto, así como vehículo para chegar ó lugar de traballo e carné B. Xornada completa en horario nocturno.

Outras ofertas de A Coruña**Aprendiz de carpinteiro/a de aluminio - Ames - Nº Oferta 975565**

Para axudar na realización de traballos de colocación en fachadas e de carpintería de aluminio en vivendas. Necesario ter a ESO e dispoñibilidade para pernoctar fora do domicilio durante a semana. Ofrecen contrato de formación a xornada completa.

Empregado/a do fogar (Interno/a) - A Coruña - Nº Oferta 975469

Domicilio particular precisa persoal para realizar as tarefas do fogar e acompañar a unha persoa maior que se vale por si mesma. Necesario ter experiencia acreditada no posto. Valórase ter carné B e vehículo propio.

Axente de enquisas - A Coruña - Nº Oferta 975661

Realizará sondaxes de opinión e enquisas domiciliarias en vivendas e en empresas da zona. Necesario carné B, vehículo propio e dispoñibilidade de incorporación inmediata. Ofrecen traballo a tempo parcial con contrato de un ou dous meses.

Perruqueiro/a - A Coruña - Nº Oferta 975632

Precísase persoal co Ciclo Medio de Perrucaría ou formación similar, para realizar tarefas de peiteado, corte e tinguido de cabelos e atención ós clientes. Ofrecen traballo temporal con posibilidade de pasar a indefinido.

Maquinista de confección industrial - Arteixo - Nº Oferta 975331

Fábrica de confección industrial precisa persoal con experiencia no manexo de máquinas de confección para a elaboración de vestidos e camisetas.

Comercial técnico (Sector: Construción) - A Coruña - Nº Oferta 975604

Precísase persoal coa titulación de Arquitectura Técnica ou Enxeñería Técnica Industrial e con experiencia en vendas para encargarse de establecer contacto con novos clientes.

Axente comercial (Sector: Formación) - A Coruña - Nº Oferta 975557

Establecerá contacto con novos clientes, realizará e fará seguimento de ofertas e atención a clientes. Ofrecen formación por conta da empresa e salario fixo mais variables por vendas.

Axente comercial (Sector: Alimentación) - A Coruña - Nº Oferta 975624

Precísase persoal para realizar visitas a empresas para ofrecerlles produtos de confeitaría. Traballo a xornada completa no que ofrecen contrato mercantil. Necesario ter carné B e vehículo propio.

Axente comercial (Sector: Enerxía) - Cee - Nº Oferta 975646

Precísase persoal para traballar nunha empresa comercializadora de gas. Imprescindible ter dous anos de experiencia como comercial. Necesaria dispoñibilidade para desprazarse, ter vehículo propio e entre 20 e 50 anos.

Axente comercial (Sector: Servizos) - A Coruña - Nº Oferta 975581

Empresa de comercio ó por maior precisa persoal para venda de servizos, telefonía, publicidade, etc. Ofrecen contrato laboral ou mercantil segundo valía. Xornada completa. A partir de 45 anos.

Director/a comercial - A Coruña - Nº Oferta 974839

Encargarase de dirixir o equipo comercial dun centro de ensinanza. Necesaria experiencia de tres anos no posto e ter máis de 20 anos.